

Alfredo Padilla
Mario Tomás López

Manuela Varela
Carlos Clemente

PERÓN **PERÓN**
de Jorge Rey



Autor e director

Jorge Rey

A I M T E Я H A C I O M A L

PERON PERON

DOSSIER

AINTERNACIONAL é unha compañía de teatro galega dirixida por Jorge Rey, director de teatro e dramaturgo arxentino que mora en Galicia desde os anos '70.



A poética da compañía, sempre marcada pola experimentación e o compromiso, aspira a involucrarse en procesos teatrais de investigación escénica que signifiquen un risco, unha busca cara un teatro emocional e á vez reflexivo, onde o espectador debe ter unha actitude activa e é el mesmo quen debe aclarar finalmente a posta en escena.





En PERÓN PERÓN, non hai unha pretensión de relato histórico, pero sí existe a apropiación das figuras de Perón e de Evita a modo de relato mitolóxico, casi prometeico, que xurden desde os recordos dun galego inmigrante en Bos Aires, que xa na vellez evoca oníricamente a súa vida, desde a súa chegada a Bos Aires ata a partida do neto cara a súa Galicia natal un par de xeracións despois.

Todo isto coas distorsións, amplificacións e incoherencias propias que o paso do tempo adoita deixar nos derradeiros intres dunha vida dedicada ó traballo e á loita. De aí a variedade de escenas familiares, sociais e políticas, todas impregnadas pola subxectividade do avó.





Emerxe con contundencia o tema da inmigración, e da inserción nun mundo distinto, pero permeable, pero permeable, no que o inmigrante adáptase, ou resístese, ou transfórmase, en menor ou maior medida, e comprométese coa vida social e política do país.





Xérase un círculo temporal onde a inmigración en Bos Aires de hai 50 anos ou mais, conxúgase coa inmigración desde a Arxentina actual cara o exterior. Unha análise deste fenómeno a través dunha lectura teatral evocativa e emocional.





Un escenario valeiro , só os actores entrando e saíndo de distintos roles empregando palés que constrúen e reconstrúen o espazo escénico. Elementos coma o barro e o seu uso teatral derivado en bonecos, en pobo, etc. rematan de completar a significación simbólica da obra.

Os catro actores entran e saen dos distintos roles para recrear as distintas secuencias que enlazan este devir particular de escenas, que van e veñen no tempo subxectivo da personaxe evocadora.



MANUELA VARELA, actriz

Xoven actriz que traballa como profesional desde 1997. Formada en diversas disciplinas da interpretación entre as que destaca : cabaret , construción de bufóns , comedia da arte , o método de Stanislavski, teatro clásico ,teatro contemporaneo , interpretación ante a cámara.

Traballou en diversas compañías teatrais , interpretando personaxes protagonistas, como son: Títeres Falcatrua , Títeres Cachirulo , Teatro do Atlántico , Manivela Produccions , así como en múltiples montaxes da produción de concertos didácticos da Orquesta Sinfónica de Galicia.

Como actriz no sector audiovisual participou como protagonista na serie Galicia Exprés , e traballou en producións como : Mareas Vivas , Arde Amor , Condenado a Vivir , O Lápis do Carpinteiro , Rias Baixas , O show dos Tonechos e Libro de Familia .



ALFREDO PADILLA, actor



Actor, director, docente e investigador de Teatro, formouse no Instituto de Teatro de Avellaneda, logo unha vez ingresado na UBA (Universidade de Bos Aires) na Facultade de Filosofía e Letras, na Licenciatura de Artes Combinadas Teatro Cine e Danza comeza a traballar no GETEA (Grupo de Estudios de Teatro Iberoamericano) dirixido polo Dr. Osvaldo Pellettieri, como investigador.

Traballou como actor de A Comedia da Provincia de Bos Aires, i en varios grupos de teatro independente, acadando varios premios como actor e director, como o de mellor actor no Festival Interurbán de Bos Aires. Ten no seu haber unha trintena de obras de teatro actuando en papeis protagonistas, desde Tennessee Williams, William Shakespeare, ou Mauricio Kartún, ata Armando Discépolo, Roberto Arlt, ou Eugenne O`Neill. En Galicia traballou na produción da Sala Yago “A Natureza do Animal” e coa compañía Cámara Negra en “A Soedade dos Campos de Algodón” .

CARLOS CLEMENTE, actor

Licenciado en Arte Dramática, Diplomado en Estudios Avanzados, con un Master en Estudios Teatrais e Audiovisuais; foi profesor de Pedagogía Teatral da universidade de A Coruña impartindo a asignatura de Interpretación.

Como director destaca o traballo realizado coa compañía Danthea, da que é responsable desde hai mais de 20 anos, con obras como:

A Mais Forte (Strindberg) , Os Males do Tabaco (Chejov) , Don Quixote: A Divina Tolemia , O Principiño...

Como actor participou en obras como: A Doncela Guerreira , Petición de Man , A Campá , O Pequeno Frankenstein , O Retablo de Maese Pedro...



MARIO TOMAS LOPEZ, actor



Actor, director e titiriteiro de quince anos de traxectoria profesional. Formado en Europa en distintos seminarios e obradoiros como: O Taller Internacional de Teatro Pedagóxico en Reimscheid-Academy en Alemaña , Traballo Corporal do Actor (con Mónica Pagneux) , Sincronización Corporal (con Henning Osterlogh) , voz con Veroniba Kossenkova (Teatro Tembr de Moscú).

Traballou con La Troupe de L'Épée de Bois de la Cartoucherie en París en diversas obras de teatro como La Vida es Sueño, ou Argan Ou Le Malade Imaginaire...

En España traballou en múltiples espectáculos entre os que destacan:

El Enfermo Imaginario, Amor De Don Perlimplín ... , Noche De Reyes, Don Quijote, Despertando Sueños, A Historia Más Prodixiosa...

JORGE REY, director

Actor, director, dramaturgo e adaptador teatral, formado en Bos Aires nos obradoiros dos mestres Ana Labat, Luís Agustoni, Alberto Ure e Augusto Fernándes.

Traballa en Galicia desde 1979, dando cursos de interpretación para a Universidade de Santiago de Compostela (USC) e as compañías profesionais de teatro. Traballa cos grupos Antroido, Trécola e funda “Teatro das Catro Artes” e “Cachirulo”, coas que dirixe dúas coproducións do Centro Dramático Galego.

A súa actividade no ámbito teatral contéplase con traballos como a de Fundador e directivo da Sala Teatro Yago de Santiago de Compostela, Director do Festival Internacional Galicreques (que este ano 2007 celebrará a súa XII edición) e Director da revista Bululú e Presidente da Fundación Barriga verde.

Leva estreados como director, unha trintena de espectáculos, en España e Arxentina, entre os que destacan:

A Lección de E. Ionesco,

Santa Juana dos Matadeiros, de Bertold Brecht,

Marcado polo Típex de A. Onetti,

A Pedra que Arde, espectáculo de monicreques baseado nun conto de Eduardo Galeano, entre outros.

A Natureza do Animal, de Marcelo Marán e producido pola Sala Yago S.L.




Contacto:

AINTERNACIONAL

981 801500 / 605 880858

contacto@ainternacional.com

www.ainternacional.com



PERÓN

PERÓN

+

PERÓN

de J o r g e R e y

PERÓN

А И И Т Е Я А С И О И А Л